



SERRA DA MURALLA

Adela Leiro, Mon Daporta
xullo 2024




Distancia: 11 km (lineal)
Dificultade: baixa



A Muralla é unha pequena aliñación de montes, de entre os 480 e os 670 m de altitude, con dirección NE-SO, que marcan a linde entre os concellos de Lousame e Rianxo. Das súas abas, de forte pendente, baixan regueiros que conforman, polo leste, o **río Te**, e polo oeste, o rego de **Beluso** -que levan as augas á ría da Arousa- e, polo norte, ao río **Sóñora-Vilacova** que desauga na ría de Noia.

Pola súa situación e altitude é un punto panorámico de interese ademais de un bo lugar para facer unha camiñada. Percorrela é doado porque preto da liña dos cumes discorre, por unha boa parte, a pista do parque eólico, ampla e sen grandes pendentes, e o resto do traxecto conta cunha pista, menos boa, que segue a liña dos límites municipais; o que non é tan doado é achegarse á serra, aínda que desde que instalaron o miradoiro xa hai indicadores nas estradas principais da zona, atópase un pouco illada e sen máis acceso que por estradas locais.

Podemos subir á Muralla so para contemplar as vistas desde o miradoiro, un punto espectacular, cunha panorámica de 360°, que nos permite gozar, se a transparencia do ar e o punto no que se atope o sol o permiten, da vista das rías de Noia e da Arousa e, nunha sucesión que se esvae na distancia, de todos os montes da contorna e as serras de máis alá, até a dorsal galega polo leste, os montes do Galiñeiro polo sur e o Pindo e a Ruña cara ao norte; ou completala con un paseo polos cumes que nos permitirá apreciar a contorna desde diferentes puntos, gozar das pequenas descubertas -plantas e flores, algúns paxaros do bosque e do mato e a presenza de gando ceibe- aínda que en parte do percorrido non poidamos evitar o constante zoar dos aeroxeradores.



Cume da Muralla desde Bustelo do Monte

PERCORRIDO

Pódese chegar á Muralla desde os concellos que a rodean facendo traxectos, de entre 5 e 15 km, por estradas locais que nos levan á encrucillada do **Campo do Treito** -onde conflúen os concellos de Dodro, Rois, Lousame e Rianxo- ou a Aldarís, que son os puntos entre os que se atopa o acceso aos cumes e ao miradoiro.

Desde **Ourille** (Rianxo), a onde se chega desde Taragoña, pódese facer a subida e un percorrido a pé ao longo da serra; un traxecto case todo en subida e con tramos de bastante pendente, para o que hai que contar cunha certa condición física, no que en cada alto se vai descubrindo e ampliando o horizonte e as paisaxes. Cando acadamos o monte da **Xenela**, desde o pé do primeiro aeroxerador, temos unha ampla panorámica de toda a ría da Arousa e os montes que a rodean, máis adiante, á altura do monte **Freire**, descubrimos a ría de Noia e as vistas cara ao norte, para completar o traxecto no miradoiro do cume e gozar das súas amplas panorámicas.



Cume da Muralla.



Cabalos coa ría da Arousa ao fondo



Carballos

Beira norte da ría da Arousa e a serra do Barbanza desde o monte da Xenela.





Rianxo e a ría da Arousa desde A Xenela.



Noia e a ría desde o monte Freire



Ría de Arousa coa illa no centro



Serra na Muralla



Noia



Pimpín